

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1011GF	<i>Expediente</i> CON/24/2016	<i>Fecha</i> 22-08-16 13:47

Número 2 .- Proposta relativa á adxudicación do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2016-17, así como a aprobación dos prezos públicos correspondentes.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 22 de agosto de 2016, adoptou o seguinte acordo:

**2 .- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE CATERING E DE PERSOAL MONITOR/COIDADOR DE COMEDOR ESCOLAR PARA CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE O CURSO ESCOLAR 2016-17, ASÍ COMO A APROBACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS CORRESPONDENTES.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía, de data 22 de agosto de 2016, do informe do xefe do departamento de Educación e Cidadanía de 20.8.16; así como do informe da viceinterventora, de 22.8.16, con observacións.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

**“Manuel Dios Diz**, concelleiro delegado de educación e cidadanía, e presidente da mesa de contratación para a licitación do “Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2016-17”, conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I1GF	<i>Expediente</i> CON/24/2016	<i>Fecha</i> 22-08-16 13:47

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 2 de agosto de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador SERUNION SA.

Segundo: Con data 11 de agosto, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación achegada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

Terceiro: Consta no expediente Informe da Intervención municipal, nº 2016/464, de data 12 de agosto de 2016 e Informe do Departamento de Educación e Cidadanía de 20 de agosto de 2016, respecto do custe do servizo de comedores escolares.

Cuarto: Tendo en conta que é vontade do Goberno Municipal a minoración do prezo público do xantar para o curso escolar 2016-2017 dado que se trata dun servizo educativo esencial que permite a conciliación familiar, laboral e persoal, descontarase dese prezo de referencia ofrecido pola empresa, a achega da Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria), por importe de 53.400 €, segundo convenio asinado ao efecto, e outra por conta do concello de Santiago de Compostela de 59.009,63 €, de acordo co seguinte desglose:

Achega da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

*Anualidade 2016:*

Período 10 de setembro a 30 de novembro de 2016.....16.500,00 €

*Anualidade 2017:*

Período 1 de decembro a 20 de xuño de 2017.....36.900,00 €

Achega do concello de Santiago:

*Anualidade 2016:*..... 22.592,26 €

*Anualidade 2017:*..... 36.417,37 €

**PREZOS UNITARIOS XANTAR**



Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG10I1GF	CON/24/2016	22-08-16 13:47

(A) prezo adxudicación con IVE	(B) prestacións (xantares estimados curso escolar)	(C) prezo unitario con IVE: (A/B)	(D) Prezo xantar proposto	(E) Diferenza unitaria: (C-D)	(F) Déficit por total prestacións (B*E)	(G) Achega Xunta	H) achega concello (F-G)
746.252,63	140.854	5,30	4,5	0,80	112.409,63	53.400	59.009,63

### PREZOS USUARIOS

#### RECIBO XANTAR

Base	4,26	
Base con IVE	2,36	55,39%
IVE	0,24	10,00%
Base sen IVE	1,90	
<b>Total</b>	<b>4,50</b>	

#### RECIBO ALMORZO

Base	1,83
Base con IVE	1,01
IVE	0,10
Base sen IVE	0,82
<b>Total</b>	<b>1,93</b>

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

**PRIMEIRO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa SERUNIÓN SA, que compromete un **canon** a aboar ó Concello de **0,10%**, e un prezo de **1'83 euros** para o **almorzo** e de **5,02 euros** para o **xantar** sen IVE, por ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

As melloras ofrecidas pola empresa son:

- *Sistema de control de presenza.*  
10 Tablet (Samsung Galaxy) e 10 Smartphone Android, por importe total de 6.102,03 € (con IVE).
- *Implementación de vaixela de vidro templado e barquetas de aceiro para o transporte de comida, para todos os centros de ensino obxecto do contrato.*  
A empresa Serunion ofrece a implementación de vaixela de vidro templado para todos os usuarios de comedor así como a utilización de barquetas de aceiro para o transporte da comida desde a cociña central ata os comedores escolares. Inclúen tamén xogos de reposición de cada un dos elementos dos

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I1GF	<i>Expediente</i> CON/24/2016	<i>Fecha</i> 22-08-16 13:47

que se farán cargo ao longo do curso escolar 2016-17. O importe do investimento é de 10.112,58 €

• **Formación do persoal.**

Implementación dun programa de formación complementario do persoal adscrito ao servizo (monitorado e coordinadores/as de comedor), a impartir no curso escolar 2016-17, cun total de 100 horas

O contratista retribuirase cos prezos unitarios ofertados ao Concello de Santiago, e efectuará o cobro directo dos prezos aprobados polo Concello aos usuarios dos servizos prestados no comedor escolar destes centros educativos. Tan só repercutirá aos usuarios un IVE do 10% da parte correspondente aos menús, o que supón, polo tanto, un prezo de 5,30 euros polo xantar e 1,93 euros polo almorzo IVE engadido.

Desígnase como responsable do contrato a D. Xosé Manuel Rodríguez Abella, xefe de sección de Educación e Cidadanía.

**SEGUNDO:** Aprobación do prezo autorizado polo Concello de Santiago de Compostela dos servizos de comedor e madrugadores na Rede de Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2016-2017, que serían os seguintes:

Prezos usuarios:

Prezo do xantar/comensal/día: 4,50 euros (IVE engadido).

Prezo do almorzo /comensal/día: 1,93 euros (IVE engadido).

**TERCEIRO:** O gasto derivado do contrato irá con cargo á aplicación orzamentaria 080 32600 22799.

Para atender a diferenza do importe non cuberto polos usuarios, está dispoñible o importe da subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, contemplada no Convenio de colaboración para a xestión e organización do servizo de comedores escolares de data 23 de xullo de 2015, que ascende á cantidade de 53.400 euros, para o curso escolar 2016-17. Respecto da achega do concello de Santiago darase cobertura a través dos créditos dispoñibles nas bolsas de vinculación do orzamento municipal 2016/ 080-3-2 Educación.

**CUARTO:** distribución plurianual da achega municipal:

Achega do concello de Santiago:

Anualidade 2016:..... 22.592,26 €



Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG10I1GF	CON/24/2016	22-08-16 13:47

Anualidade 2017:..... 36.417,37 €

Achega da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

Anualidade 2016:

Periodo 10 de setembro a 30 de novembro de 2016.....16.500,00 €

Anualidade 2017:

Periodo 1 de decembro a 20 de xuño de 2017.....36.900,00 €

		2016	2017
Días totais curso escolar 2016-2017	175	67	108
% por anualidades		0,38285714	0,617142857
Prezo total	<b>746.252,63</b>	285.708,1498	460.544,4802
Importe non cuberto	112.409,63	43.036,83	69.372,80
Achega Xunta	53.400,00	16.500,00	36.900,00
Achega municipal	59.009,63	22.592,26	36.417,37
<b>Importe RCs</b>		<b>39.092,26</b>	<b>73.317,37</b>

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa SERUNIÓN SA, que compromete un **canon** a aboar ó Concello de **0,10%**, e un prezo de **1'83 euros** para o **almorzo** e de **5,02 euros** para o **xantar** sen IVE, por ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

As melloras ofrecidas pola empresa son:

- *Sistema de control de presenza.*  
10 Tablet (Samsung Galaxy) e 10 Smartphone Android, por importe total de 6.102,03 € (con IVE).
- *Implementación de vaixela de vidro templado e barquetas de aceiro para o transporte de comida, para todos os centros de ensino obxecto do contrato.*



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I1GF	<i>Expediente</i> CON/24/2016	<i>Fecha</i> 22-08-16 13:47

A empresa Serunion ofrece a implementación de vaixela de vidro templado para todos os usuarios de comedor así como a utilización de barquetas de aceiro para o transporte da comida desde a cociña central ata os comedores escolares. Inclúen tamén xogos de reposición de cada un dos elementos dos que se farán cargo ao longo do curso escolar 2016-17. O importe do investimento é de 10.112,58 €

- *Formación do persoal.*

Implementación dun programa de formación complementario do persoal adscrito ao servizo (monitorado e coordinadores/as de comedor), a impartir no curso escolar 2016-17, cun total de 100 horas

O contratista retribuirase cos prezos unitarios ofertados ao Concello de Santiago, e efectuará o cobro directo dos prezos aprobados polo Concello aos usuarios dos servizos prestados no comedor escolar destes centros educativos. Tan só repercutirá aos usuarios un IVE do 10% da parte correspondente aos menús, o que supón, polo tanto, un prezo de 5,30 euros polo xantar e 1,93 euros polo almorzo IVE engadido.

Desígnase como responsable do contrato a D. Xosé Manuel Rodríguez Abella, xefe de sección de Educación e Cidadanía.

SEGUNDO: Aprobación do prezo autorizado polo Concello de Santiago de Compostela dos servizos de comedor e madrugadores na Rede de Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2016-2017, que serían os seguintes:

Prezos usuarios:

Prezo do xantar/comensal/día: 4,50 euros (IVE engadido).

Prezo do almorzo /comensal/día: 1,93 euros (IVE engadido).

TERCEIRO: O gasto derivado do contrato irá con cargo á aplicación orzamentaria 080 32600 22799.

Para atender a diferenza do importe non cuberto polos usuarios, está dispoñible o importe da subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, contemplada no Convenio de colaboración para a xestión e organización do servizo de comedores escolares de data 23 de xullo de 2015, que ascende á cantidade de 53.400 euros, para o curso escolar 2016-17. Respecto da achega do concello de Santiago darase cobertura a través dos créditos dispoñibles nas bolsas de vinculación do orzamento municipal 2016/ 080-3-2 Educación.

CUARTO: distribución plurianual da achega municipal:



6



Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG10I1GF	CON/24/2016	22-08-16 13:47

Achega do concello de Santiago:

Anualidade 2016:..... 22.592,26 €

Anualidade 2017:..... 36.417,37 €

Achega da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

Anualidade 2016:

Período 10 de setembro a 30 de novembro de 2016.....16.500,00 €

Anualidade 2017:

Período 1 de decembro a 20 de xuño de 2017.....36.900,00 €

		2016	2017
Días totais curso escolar 2016-2017	175	67	108
% por anualidades		0,38285714	0,617142857
Prezo total	<b>746.252,63</b>	285.708,1498	460.544,4802
Importe non cuberto	112.409,63	43.036,83	69.372,80
Achega Xunta	53.400,00	16.500,00	36.900,00
Achega municipal	59.009,63	22.592,26	36.417,37
<b>Importe RCs</b>		<b>39.092,26</b>	<b>73.317,37</b>

As achegas imputables ao exercicio 2017 quedarán condicionadas á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento de referencia.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

CONCELLO DE SANTIAGO